

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 5, 17-19

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos:

– “Non pensedes que vin derrogar a Lei e os Profetas; non vin para derrogar, senón para dar cumprimento.

Porque vos aseguro: mentres non pasen o ceo e mais a terra non pasará nin unha letra nin un til da Lei ata que todo se cumpra.

E quen falte a un destes mandamentos máis pequeniños e así llelo ensine a facer ós outros, será declarado o máis pequeno no Reino dos Ceos; pero quen os cumpra e así o ensine, será declarado grande no Reino dos Ceos.”